

Resolución do 18 de novembro de 2002, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 02/168-2, 5962 A.T.).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no capítulo VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: BEGASA.

Domicilio social: Cidade de Viveiro, 4, 27002 Lugo.

Denominación: reelectrificación de Goá.

Situación: Cospeito-Abadín.

Descricións técnicas: L.M.T.A. a 20 kV con 0,058 km de lonxitude con orixe en L.M.T. Vilalba-Ponte de Outeiro e final en C.T. de Tumbo e conductor tipo LA-56. L.M.T.A. a 20 kV con 0,033 km de lonxitude con orixe en L.M.T. a C.T. de Casablanca e final en C.T. de Ponte do Crego e conductor tipo LA-56. L.M.T.A. a 20 kV con 0,487 km de lonxitude con orixe en L.M.T. Vilalba-Ponte de Outeiro e final en C.T. de Riocasas e conductor tipo LA-56. 3 C.T.I. de 50 kVA de potencia e relación de transformación 20.000/380-220 V. Modificación de C.T.I. de 50 kVA de potencia e relación de transformación 20.000/380-220 V. L.B.T.A. de 0,77 km de lonxitude con orixe en C.T. de Tumbo e conductor tipo R.Z. L.B.T.A. de 0,825 km de lonxitude con orixe en C.T. de Ponte do Crego e conductor tipo R.Z. L.B.T.A. de 1,4 km de lonxitude con orixe en C.T. de Riocasas e conductor tipo R.Z. L.B.T.A. de 1,86 km de lonxitude con orixe en C.T. de Pacio e conductor tipo R.Z. L.B.T.A. de 1,125 m de lonxitude con orixe en C.T. de Casablanca e conductor tipo R.Z. L.B.T.A. de 0,975 km de lonxitude con orixe en C.T. de Xubín e conductor tipo R.Z.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentalas súas alegacións, nesta delegación provincial, no prazo de vinte días.

Lugo, 18 de novembro de 2002.

Jesús Bendaña Suárez
Delegado provincial de Lugo

CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS

Resolución do 2 de decembro de 2002, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se fai público o depósito da acta de constitución e dos estatutos da organización sindical Unión de Técnicos Especialistas Sanitarios de Galicia (Utesga).

En cumprimento do disposto no artigo 4 da Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sin-

dical, e para os efectos previstos nel, faise público que no correspondente servizo desta dirección xeral foron depositados a acta de constitución e os estatutos da organización sindical *Unión de Técnicos Especialistas Sanitarios de Galicia* (Utesga) que ten os seguintes ámbitos:

Territorial: Comunidade Autónoma de Galicia.

Profesional: poderán pertencer á devandita organización sindical tódolos técnicos especialistas de laboratorio das distintas ramas sanitarias, así como tódolos titulados en formación profesional de grao superior, nas distintas titulacións sanitarias.

Asinan a acta de constitución: Pilar Sánchez Pérez e seis persoas máis.

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2002.

Pilar Cancela Rodríguez
Directora xeral de Relacións Laborais

Resolución do 2 de decembro de 2002, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se fai público o depósito da acta de constitución e dos estatutos da Asociación para o Fomento da Agricultura Ecolóxica (Fagrec).

En cumprimento do disposto no artigo 4 do Real decreto 873/1977, do 22 de abril, de desenvolvemento da Lei 19/1977, do 1 de abril, e para os efectos previstos nel, faise público que no correspondente servizo desta dirección xeral foron depositados a acta de constitución e os estatutos da *Asociación para o Fomento da Agricultura Ecolóxica* (Fagrec) que ten os seguintes ámbitos:

Territorial: Comunidade Autónoma de Galicia.

Profesional: poderán pertencer á devandita asociación as persoas físicas ou xurídicas que teñan como fins o fomento e defensa da agricultura ecolóxica.

Asinan a acta de constitución: Ana María Rodríguez Poy e sete persoas máis.

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2002.

Pilar Cancela Rodríguez
Directora xeral de Relacións Laborais

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

Cédula do 2 de decembro de 2002, da Área Provincial de Lugo, de notificación de requirimento de pagamento ós debedores que se relacionan (Concepción Fernández de la Fuente e sete máis).

En cumprimento do disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico